



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE CAMBIO DE USO DE FORESTAL A AGRÍCOLA DE VARIAS PARCELAS NA PARROQUIA DE TREOS, NO CONCELLO DE VIMIANZO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GANADERÍA CALO, S.C. (CLAVE 2020/0118)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), e as modificacións posteriores, establece, no artigo 7.2.a), que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto do presente informe inclúese no grupo 1.b. do anexo II da referida lei [*Forestacións segundo a definición do artigo 6. g) da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, que afecten a unha superficie superior a 50 ha e talas de masas forestais co propósito de cambiar a outro tipo de uso do solo*], polo que de acordo co seu artigo 47 procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1 . Obxecto do proxecto e descrición, localización, promotor e órgano substantivo

1.1 . Obxecto do proxecto, descrición e localización

Preténdese cambiar o uso de forestal a agrícola para implantación de pradeira artificial nas parcelas 370 e 373 do polígono 56, no lugar de Quintáns, na parroquia de Treos, no concello de Vimianzo (A Coruña).

As coordenadas do centroide das parcelas obxecto de cambio de uso amósanse na táboa a seguir:

Polígono	Parcela	Coordenadas UTM (ETRS89) 29T		Superficie das parcelas (ha)	Superficie suxeita a cambio de uso (ha)
		X	Y		
56	370	502.872	4.770.536	0,2245	0,3020
	373	502.874	4.770.357	0,0775	

Na Figura 1 pódese observar a localización da zona de actuación, en cor morada.






Figura 1. Localización das dúas parcelas, ao lado da explotación gandeira do promotor. Fonte: Documento ambiental

As dúas parcelas suman unha superficie de 0,3020 ha e preténdese cambiar de uso á totalidade da superficie.

Actualmente as parcelas están poboadas por castiñeiros (*Castanea sativa*), carballo común (*Quercus robur*), piñeiros (*Pinus pinaster*) e eucaliptos (*Eucalyptus globulus*). A vexetación de sotobosque está formada por fentos, silvas e especies herbáceas.

Na zona onde se fará o cambio de uso levarase a cabo a corta do arborado, eliminación/retirada dos cepos, roza/trituración dos restos vexetais, labra do terreo, abonado e sementeira.

1.2. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Ganadería Calo, S.C. e o órgano substantivo é a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural.





2 . Resumo da tramitación

O 12.06.2020 recíbese nesta consellería unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada acompañada do documento ambiental do proxecto, remitido polo órgano substantivo (Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural) para que esta dirección xeral inicie a avaliación de impacto ambiental ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

O 17.06.2020 notificóuselle ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas, previsto no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

O 07.08.2020 fixéronse reiteracións á Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Augas de Galicia e o 23.02.2021 volveuse a facer unha segunda reiteración á Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Neste contexto, a relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	-
Instituto de Estudos do Territorio	X
Augas de Galicia	-
Concello de Vimianzo	X
Consello da Cultura Galega	X
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	-

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para outros organismos, organizacións e público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Como resultado do anterior, non se recibiron achegas de ningún tipo.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai un resumo dos antecedentes e feitos, recolle as consideracións legais e técnicas nas que se enmarca o proxecto e informa que nos arquivos desa Dirección Xeral non constan bens do patrimonio cultural nas parcelas nas que se pretende levar a cabo o proxecto nin no seu entorno máis próximo, polo que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no informe de impacto ambiental.

- O Instituto de Estudos do Territorio emite un informe no que indica que no que atinxe ás súas competencias en materia de paisaxe, o proxecto de referencia non provocará un impacto paisaxístico significativo aínda que hai que ter en conta unha serie de recomendacións incluídas no condicionado ambiental do presente informe de impacto ambiental.

-O Concello de Vimianzo, informa que as dúas parcelas para as que se solicita cambio de uso están clasificadas como solo non urbanizable común segundo as Normas Subsidiarias do concello do ano 1994, que se





corresponden co Solo Rústico de Protección Ordinaria segundo a LSG. Segundo dita lei, tanto o uso forestal como agrícola son usos permitidos polo que dende o punto de vista urbanístico o cambio de uso é conforme coa legalidade.

- O Consello da Cultura Galega, no marco dos seus fundamentos reitores, informa no referido aos bens de interese cultural, espazos naturais protexidos, paisaxe e ordenación do territorio, do seguinte xeito:

No que se refire aos bens de interese cultural, nin na información contida no Plan Básico Autonómico nin nas Normas Subsidiarias de planeamento do concello de Vimianzo aprobadas no 1994 aparece ningún elemento de interese cultural catalogado.

No que atinxe aos espazos naturais protexidos, as parcelas non están incluídas en ningún espazo natural protexido. Atendendo á composición específica descrita no documento ambiental e á información contida no Mapa Forestal de España dedúcese que o cambio de uso das parcelas non afectaría a ningún hábitat de interese comunitario.

No tocante á paisaxe, de acordo co Catálogo das Paisaxes de Galicia, as parcelas inclúense nunha unidade de “agrosistema intensivo (mosaico agroforestal”, que se caracteriza pola mestura de parcelas de cultivo e pastos. Non se espera unha diminución das calidades funcionais e estéticas da paisaxe.

No referido á ordenación do territorio, as características morfolóxicas e edafolóxicas do terreo non impoñen limitacións á actividade agraria. Segundo o mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia, a parcela aparece nunha área de aptitude (A2i) para o uso de pradeira. A figura de planeamento xeral vixente carece de ningún modelo de ordenación do territorio.

Polo tanto, conclúen que a actuación solicitada podería ser autorizada.

3 . Análise segundo os criterios do anexo III

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, e co obxecto de determinar se o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, realízase a seguinte análise segundo os criterios do anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

3.1 . Características do proxecto

O promotor do proxecto divide a actuación en dúas fases, a de traballos previos, que engloban a corta do arborado, retirada de cepos e trituración dos restos vexetais, e os traballos posteriores, constituídos pola labra do terreo, a fertilización e a sementeira:

- **Tala do arborado.** Consiste na corta a feito da masa arborada, para a súa posterior carga e retirada polas vías de comunicación xa existentes por medio dun tractor e remolque.
- **Eliminación/retirada de cepos:** arrancaranse e retiraranse os cepos máis voluminosos e os restantes serán rebaixados por trituración no propio lugar.
- **Roza/Trituración dos restos vexetais,** cunha rozadoira de martelos de xeito mecanizado (non hai limitación de pendente ou pedras).
- **Labra do terreo:** con dous pases de grade de discos enganchada a un tractor agrícola
- **Fertilización/Abonado:** levarase a cabo unha vez analizadas as necesidades do terreo. Achegarse abono orgánico procedente da propia explotación e se fose necesario, complementarase con emendas comerciais. Tras isto, farase un novo pase de grade de discos para mellorar a incorporación ao solo.
- **Sementeira:** con sementadora acoplada a tractor agrícola.





3.2. Localización do proxecto e sensibilidade medioambiental da área

As parcelas nas que se pretende levar a cabo o cambio de uso de forestal a agrícola son a 370 e a 373 do polígono 56, no lugar de Quintáns, na parroquia de Treos, no concello de Vimianzo (A Coruña).

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais na comarca paisaxística da Terra de Soneira. As parcelas sitúanse nunha contorna onde se alternan parcelas ocupadas por pasteiros con outras de arboredo e de explotación forestal, configurando unha paisaxe característica dos usos agrarios. Os núcleos de poboación son pequenos, dispersos e comunicados por estradas secundarias.

En canto ao patrimonio cultural, non se atopan elementos catalogados do patrimonio cultural coñecido nas parcelas de actuación nin no seu entorno máis próximo.

A parcela non se atopa na zona de servidume nin de policía de ningún curso de auga. Os cursos de auga máis próximos están a máis de 250 m.

O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos nin ten a consideración de área protexida por instrumentos internacionais.

De acordo co Inventario de humidais de Galicia, a zona non está afectada por ningunha zona húmida das recollidas en dito inventario. Tampouco están presentes árbores ou formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras.

Segundo o Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005) realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) na zona de actuación non se localizan teselas con hábitats de interese comunitario e/ou naturais prioritarios.

Segundo a información proporcionada polo promotor, obtida dos servidores cartográficos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico) e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, existen no entorno das parcelas as seguintes especies de flora e fauna protexidas referidas a unha cuadrícula de 10 x 10 km (29TNH07):

Categoría	Grupo	Grao de protección	
		En perigo de extinción (E)	Vulnerable (V)
Flora		<i>Euphorbia uliginosa</i>	
Fauna	Reptiles		<i>Natrix natrix</i>
	Anfibios		<i>Rana iberica</i> (ra patilonga) <i>Rana temporaria</i> (ra vermella) <i>Salamandra salamandra</i>
	Aves		<i>Circus pygargus</i> (tartaraña cincenta)

A zona de actuación non está afectada por Plans de conservación/recuperación de especies ameazadas e está fóra da Zona 1 do Plan de Xestión do Lobo.

De igual xeito, tampouco se localiza nas zonas delimitadas como áreas prioritarias para a avifauna ameazada e zonas de protección contra as liñas eléctricas.





3.3. Características do potencial impacto

No relativo á protección do patrimonio natural, a reducida superficie sometida a cambio de uso non semella que poida causar danos sobre dito patrimonio.

Respecto á afección aos cursos de auga, as parcelas atópanse a máis de 250 m dos cursos de auga máis próximos. Aínda así, a achega de fertilizantes orgánicos así coma outros produtos fitosanitarios podería chegar por escorrenta, especialmente en épocas de chuvias, ás masas de auga superficiais e subterráneas, causando a súa turbidez e contaminación.

No tocante á paisaxe, o cambio de uso non terá un efecto paisaxístico significativo xa que se trata dunha superficie de pequenas dimensións, rodeada de outros predios dedicados a cultivos similares aos proxectados.

Do punto de vista de emisións á atmosfera, espéranse emisións de gases (CO₂, NO_x, SO_x, etc.), de po, ruído e vibracións polo uso de maquinaria tanto na fase de execución, coma na fase de explotación.

No referido aos residuos, os principais riscos de contaminación son causados polas verteduras de substancias perigosas como aceites e combustibles procedentes da maquinaria utilizada, así coma tamén os restos de materiais empregados na actuación (residuos plásticos, metálicos, envases, etc.), se fosen abandonados no terreo sen a xestión adecuada.

En canto ao impacto sobre o solo, o uso de maquinaria na preparación do terreo, implica a ruptura da súa estrutura e a súa posterior compactación, afectando á micro fauna e fauna subterránea do solo. Hai, tamén, risco de arrastre de materiais e restos de fitosanitarios, praguicidas e fertilizantes orgánicos e inorgánicos, especialmente se os traballos se efectúan en época de altas precipitacións e se a cantidade destes é moi superior á que necesita o cultivo.

No referido ao cambio climático a redución das masas forestais e transformación destes en terreos agrícolas provocan a destrución de sumidoiros naturais de carbono, tanto a nivel arbóreo coma o retido pola biomasa subterránea, e como consecuencia, a súa liberación á atmosfera. Ademais, a tala arbórea causa unha diminución da capacidade de captación do CO₂ da atmosfera por parte de dita vexetación. As achegas de praguicidas e fitosanitarios afectan igualmente ao proceso global de quentamento do planeta polas súas emisións difusas.

4. Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriores:

4.1. Protección da atmosfera

4.1.1. En canto ás emisións de po e gases á atmosfera

1. A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.
2. Intentarase que as actuacións se leven a cabo en días de pouco vento, para reducir a xeración de po e perda de solo.
3. A fertilización, que será preferiblemente orgánica e madurada, efectuarase en días sen chuvia, sempre que tampouco teña chovido no día anterior e non exista previsión de chuvia nos dous días posteriores ao día da aplicación. En caso de que se trate de fertilizantes orgánicos en fase líquida (xurros), a aplicación será soterrada, e no caso de fertilización orgánica sólida (esterco) deberase roturar e voltear nun máximo de 48 h desde a súa aplicación no terreo.





4.1.2. Co obxectivo de diminuír as molestias por ruído

1. Evitarase a realización dos traballos mecanizados durante o período nocturno, debendo respectar os horarios de descanso das poboacións máis próximas.
2. Deberán respectarse os valores establecidos no Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, que sexan de aplicación, así como o Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.

4.2. Protección do solo e infraestruturas

1. Contemplanse as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar derrames de aceites, carburantes, combustibles, cementos e outros compostos contaminantes directamente ao terreo ou aos cursos de auga. Prestarase especial atención ao parque de maquinaria e ás zonas de tránsito dos vehículos.
2. As actividades de mantemento da maquinaria empregada farase en talleres autorizados, e de non ser posible, en lugares adaptados para tal fin, e nunca na parcela ou nas inmediacións desta.
3. Deberanse adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito da maquinaria, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais coa auga de escorrenta.
4. A fertilización do terreo, como medio de produción agrícola, realizarase mediante un plan aprobado polo órgano competente e executarase tendo en conta as características do solo e a necesidade dos cultivos implantados, axustando as cantidades para evitar por tódolos medios excedentes e acumulación no terreo, así coma posibles verteduras aos cursos de auga por arrastres por escorrenta superficial. Seguirase o Código de Boas Prácticas Agrícolas e as mellores tecnoloxías dispoñibles (MTD).

4.3. Xestión de residuos

1. Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante todas as fases do proxecto.
2. Os restos vexetais xerados serán triturados preferentemente, mediante pase de rozadoira e posteriormente distribuídos polo terreo.
3. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución, mantemento ou no seu caso, desmantelamento, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte ao vertido. Do mesmo xeito tampouco se pode facer calquera tipo de vertedura de residuos independentemente da súa natureza en todo o entorno de actuación, sendo o seu destino os xestores autorizados.
4. Deixarase libre de pedras ou outros obstáculos a rede de drenaxe da parcela, para evitar obstrucións e asolagamentos que favorezan á erosión do solo.

4.4. Protección da fauna e da vexetación e outros valores naturais

1. Prohíbese, no caso de atoparse ou demostrarse a existencia de especies silvestres de animais na parcela de actuación, calquera actuación que lles afecte cumprindo así o réxime de protección xeral de especies silvestres de animais establecido no artigo 89 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Así mesmo, no suposto de existir especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas comunicarase á Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que adopte as medidas oportunas e, no seu caso, deberá solicitar a correspondente autorización administrativa, segundo recolle o artigo 11 do Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
2. Se durante a execución e explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección





significativa sobre os valores naturais da zona, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar dita afección e será a Dirección xeral de Patrimonio Natural por medio do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

3. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural requirirá o informe correspondente.

4.5. Integración paisaxística e restauración

1. Respectaranse aqueles exemplares de arborado autóctono de maior porte non incompatibles coa explotación.
2. Evitarase o uso de cerramentos. Se fose preciso pechar as parcelas optarase por solucións liviás e de elevada transparencia visual, como valados mixtos de postes de madeira e arame.

4.6. Protección ante accidentes graves ou catástrofes

1. Teranse en conta as normas ou recomendacións que o Concello de Vimianzo, ou o órgano competente, teña establecidos ou poidan ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia

4.7. No relativo á protección das augas e leitos fluviais

1. Contarase con cantas medidas sexan necesarias para evitar afeccións aos cursos de auga próximos, empregando, de ser necesario, barreiras físicas temporais que eviten verteduras, drenaxes ou afección por parte da maquinaria.
2. A aplicación de produtos químicos fitosanitarios realizarase conforme ao especificado no Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios.
3. A acumulación temporal de materiais e restos de vexetación situaranse fóra das áreas de escorrenta natural do terreo, de forma que non poidan ser arrastrados polas augas en caso de enchentes ou chuvias intensas.
4. Cumprirase, en todo momento, a normativa sectorial vixente e o Código galego de boas prácticas agrarias Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias relativas a reducir ao mínimo, a contaminación por nitróxeno derivada da actividade da explotación.

4.8. Programa de vixilancia e seguimento ambiental

1. O promotor e o órgano substantivo garantirán o cumprimento de todas as medidas preventivas, protectoras e correctoras recollidas no documento ambiental así coma o recollido no condicionado do presente informe de impacto ambiental, e que se leven a cabo coa periodicidade adecuada.
2. Contarase cun técnico ambiental que se encargará de certificar o cumprimento do plan de vixilancia ambiental durante a fase de instalación e posterior explotación.
3. Estas medidas deberán quedar definidas a nivel executable, incluíndose nos correspondentes planos e a planificación temporal, debendo ademais, estar presupostadas do mesmo xeito que o conxunto do proxecto.





4.9. Outras consideracións

1. Na fase de abandono, recolleranse todos aqueles elementos artificiais, que serán xestionados de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos, e a superficie de actuación será repoboada con especies autóctonas de ecotipos locais.

5. Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada propónse formular o informe de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

CONFORME:

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE:

Formular o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola de varias parcelas na parroquia de Treos, no concello de Vimianzo (A Coruña), promovido por Ganadería Calo, S.C., concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente, e polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Esta resolución non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e remitirase ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.5 da referida lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

